

narraciones (Madrid, 1913), *Los nidos de antaño: comedia en tres actos y en prosa* (A Coruña, 1921) e *Romance* (A Coruña, 1921), que obtivo o primeiro premio no concurso de contos de *El Liberal*. Ademais, deixou algunhas obras inéditas: *Yermo*, comedia en tres actos e en prosa; *La cantiga*, libreto de zarzuela; e *El ansia*, comedia nun acto e en prosa. Faleceu en Madrid no ano 1918, cando aínda era moi novo.

**VALCARCE OCAMPO, Javier.** Escritor e xornalista, que naceu en Lugo e faleceu en 1922 na cidade da Coruña, en cuxo Goberno Civil exerceu o cargo de oficial primeiro. Foi redactor de *Galicia Recreativa*, *Diario de Pontevedra* e *El Ideal Gallego* e colaborou en case tódalas revistas literarias galegas. Publicou *María*, novela de costumes galegos; *Luchar con el corazón*, drama nun acto e en verso, estreado en Santiago de Compostela en 1884; *El gran proyecto, apropósito* nun acto e cinco cadros, en prosa e verso, estreado en Pontevedra en 1888; *Pontevedra en el siglo XX*, peza teatral pequena nun acto e en verso, estreada en Pontevedra en 1891; *Siluetas. Apuntes biográficos, en verso de la juventud literaria pontevedresa contemporánea* (Pontevedra, 1893); *El premio de honor, apropósito* nun acto e en verso, estreado en Santiago de Compostela en 1895; *Flores de espino* (Pontevedra, 1900), poemas en galego e castelán; *Paliqne* (Marín, 1901), obra en verso e en galego, sobre motivos pesqueiros, asinada co pseudónimo *Un Xeiteiro*; *Una noche en el infierno* (Pontevedra, 1906), *apropósito* en dous actos, cinco cadros e en verso; *La redención de foros* (Pontevedra, 1907); e *Soledad* (Pontevedra, 1908), drama lírico de costumes galegos, en dous actos e en verso, con música do mestre Juan Serrano, estreado en Pontevedra en 1907. Outras obras súas, que non se sabe se chegaron a editarse, son *Cuál de los tres*, novela; *Un duelo a muerte*, peza teatral cómico-lírica nun acto e en verso, estreada en Santiago de Compostela en 1896; *Tuy a vista de pájaro, apropósito* estreado en Tui en 1905; e *La fiera corrupta o el moderno feminismo, apropósito* en dous actos e en verso, estreado en Pontevedra en 1908.

**VALCÁRCEL.** Ilustre liñaxe galega que tamén aparece grafada como Valcarce. Entre outras, tivo casas orixinarias no concello ourensán de Verín e no lugués de Triacastela. Logo pasou a Andalucía, onde se estableceu unha rama importante na cidade de Sevilla. En repetidas veces, probou a súa nobreza nas ordes militares de Santiago, Calatrava, Alcántara, Carlos III e San Xoán de Xerusalén, así como na Real Chancelería de Valladolid e na Real Compañía de Gardas Mariñas.


Trae como armas, en campo de goles, cinco estacas de ouro sobre una terraza de sinople. Variantes deste emblema son as



Valcárcel



Valcárcel



Valcárcel



Valdeorras


que se describen a continuación. O 1º escudo porta, en campo de ouro, cinco estacas de sinople que teñen as súas puntas cara abaixo e están colocadas en faixa. O 2º leva, en campo de ouro, catro estacas de goles que tocan cos seus extremos os do escudo; móstranse en faixa e coa súa parte afiada cara á zona superior deste. O 3º presenta, en campo de ouro, catro estacas, alternando dúas de goles e dúas de azul, as cales tocan cos seus extremos os do brasón; descóbrense coa súa punta cara á parte inferior deste e están en situación de faixa. (Eduardo Seijas Vázquez)

**VALCÁRCEL LÓPEZ, Marcos.** Escritor, xornalista e historiador que naceu o 3 de marzo de 1958 en Ourense. En Santiago de Compostela licenciouse e doutorouse en Xeografía e Historia, na especialidade de Historia Contemporánea. Na actualidade é catedrático de Lingua e Literatu-

ra Galegas no ensino secundario na súa cidade natal.

Colabora asiduamente en *O Correo Gallego* e *La Región* e ten realizado varios traballos afíns ó eido do xornalismo, como "Apuntamentos para unha bibliografía sobre a historia da prensa en Galicia" e "As revistas en galego (1975-1991): a difícil supervivencia", ambos para *Informe da comunicación en Galicia* (1993) do Consello da Cultura Galega, ou o libro *A prensa en Ourense e a súa provincia* (1987). Estritamente relacionado coa literatura galega publicou *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento* (1988) –en colaboración con Xosé Ramón Quintana–, *Xesús Ferro Couselo, 1906-1975: unha fotobiografía* (1996), *Roberto Blanco Torres. Xornadas de alerta e agonía* (1999) –en colaboración con Ramón Nicolás Rodríguez, Blanco Valdés e Núñez Seixas–, *Eladio Rodríguez. Vida e obra* (2001) ou *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra* (2004), entre outros. A súa cidade natal tamén foi obxecto de estudo nas obras *A cidade da xeración Nós* (1995), *Pé das Burgas: estudos de historia, literatura e xornalismo* (1998) ou *Ourense, craro río, verde val* (2001). Marcos Valcárcel participou, así mesmo, na creación de diversas agrupacións de carácter cultural, como nas de O Eixo de Santiago, Agrupación Cultural Auriense de Ourense, Cineclub Padre Feijoo da cidade das Burgas ou na do Club Cultural Alexandre Bóveda, que fundou e presidiu. É membro correspondente da Real Academia Galega.

**VALCÁRCEL VILLAR, Horacio.** Guionista e director cinematográfico que naceu en Rábade (Lugo) en 1932. Obtivo o título de Dirección na Escola Oficial de Cine de Madrid en 1961, onde posteriormente tamén exerceu a docencia. Comeza a súa carreira profesional dirixindo curtometraxes, como *La cinta* (1959) ou *El camino* (1963), ata que en 1964 realiza *Miguelín*, un filme infantil que foi merecedor do Gran Premio do Xurado no Festival de Cine para a Xuventude de Cannes. Emporiso, non se decanta polas longametraxes, senón que segue ligado á dirección de curtas, unicamente que agora se inclina cara ás de carácter documental, turístico e industrial, á vez que elabora publicidade e reportaxes para os informativos de Televisión Española. A esta pertencen títulos como *Cornisa cantábrica* (1971), *Vivienda 73-La vivienda en el III plan de desarrollo* (1972) ou *Lugo 2000* (1976). A finais da década dos 70 abandona a faceta de director e dedícase por completo á de guionista. Sobre guións seus realizáronse películas como *La guerra de papá* (1977), *Espérame en el cielo* (1987) ou *La hora de los valientes* (1998) de Antonio Mercero e *El crack* (1980), *Canción de cuna* (1994), *You're the one* (2000) ou *Ninette* (2005) de José Luis Garci. Tamén ten traballado para series da pequena pantalla, entre outras, *Verano azul*, *Turno de*



La redención de foros, de Valcarce Ocampo.

GRAN ENCICLOPEDIA  
**GALEGA**  
SILVERIO CAÑADA

TOMO XLII

**TERR - VALLA**